



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 14 de xuño de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados

D. Javier Pardo Espiñeira

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cincuenta minutos do día catorce de xuño de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(636).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(637).- CORRECCIÓN DE ERROS MATERIAIS NO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXE O PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE ESPAZO POLIDEPORTIVO CUBERTO NA RÚA ROMIL Nº 77. EXPTE. 37/441.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 13/06/18, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 1 de xuño de 2018 a Xunta de Goberno local (XGL) acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "*ACONDICIONAMENTO DE ESPAZO POLIDEPORTIVO CUBERTO NA RÚA ROMIL Nº 77*" redactado polos polos Arquitectos Santiago González García, Paula Costoya Carro, Miguel Porras Gestido e Mónica Fernández Garrido, e aprobado en febreiro 2018 (expediente nº 37-441).

Segundo.- En data 7 de xuño de 2018 publicouse no perfil do contratante do Concello, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, o anuncio de licitación do citado procedemento.

Terceiro.- En data 13 de xuño comprobouse polo servizo de contratación a existencia de dous erros no prego de cláusulas administrativas:

- Na fórmula de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula recollida no apartado 7.B.1.a da Folla de Especificacións (FEC) do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) é preciso substituír BE por Be e o signo (/) por (-).
- No apartado 16.B da FEC é preciso substituír seguridade viaria por accesibilidade.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

Tal e como se relatou nos antecedentes, no presente expediente, advertíronse dous erros materiais nos seguintes apartados das FEC:

- Na fórmula de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula recollida no apartado 7.B.1.a da Folla de Especificacións (FEC) do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) é preciso substituír BE por Be e o signo (/) por (-).
- No punto segundo do apartado 16.B da FEC é preciso substituír seguridade viaria por accesibilidade.



Concello de Vigo

Segundo.- A LCSP regula a información aos interesados no artigo 138. Determina este precepto que o acceso aos pregos e a documentación complementaria deberá garantirse por medios electrónicos a través do perfil de contratante, acceso que será libre, directo, completo e gratuíto, desde a data da publicación do anuncio de licitación.

No caso que nos ocupa, é preciso, polo tanto, publicar no perfil do contratante o acordo de corrección de erros.

Dado que se trata dunha simple corrección de erros materiais que non afecta a formulación de ofertas polos licitadores, a presente modificación non ten carácter substancial e non se precisa ampliar o prazo de presentación de ofertas, agora en curso, por canto non concorre ningún dos supostos previstos no artigo 136 da LCSP.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (DA 2ª LCSP).

ACORDO

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Rectificar os apartados 7.B.1.a e o punto segundo do apartado 16.B da Folla de especificacións (FEC) do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da execución das obras de acondicionamento de espazo polideportivo cuberto na rúa Romil, nº 77, expediente nº 37-441:

- a) A fórmula do apartado 7.B.1.a da FEC queda redactada do seguinte xeito:
 $PE = 98,5 + (1.5 * ((Bi - Be) / (BE - Be)))$*
- b) O punto segundo do apartado 16.B da FEC queda redactado como segue:
Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a servizos urbanos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.*

2º.- Publicar o presente acordo no perfil do contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO MODELO DE PROPOSICIÓN

D./Dª., con DNI nº, en nome propio (ou en representación de), informado/a da licitación para a contratación por procedemento aberto do servizo de produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo

en Festas 2018” no auditorio ao aire libre de Castrelos, expediente nº 7428-335, manifesta:

1.- Que acepta integramente os pregos de prescricións técnicas e condicións administrativas que rexen esta contratación.

2.- Propón unha porcentaxe de desconto de (%) a aplicar aos prezos unitarios consignados no apartado 3.G desta FEC.

3.- O persoal técnico á adscribir á execución do contrato ten seguinte experiencia:

- a) Responsable de coordinación/xefe de emerxencias: (nº) anos de experiencia laboral.
- b) Responsable de backstage (state manager)/xefe de intervención: (nº) anos de experiencia laboral.
- c) Xefe de emerxencias e coordinador de auxiliares de organización e porteiros: (nº) anos de experiencia laboral.

3(638).- PROPOSTA DE SUBVENCIÓN E PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CLUBE FLIC-FLAC PARA A ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO DE ESPAÑA XIMNASIA ACROBÁTICA-VIGO 2018. EXPTE. 17121/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 5/06/18, e o informe de fiscalización de data 12/06/18, dáse conta do informe-proposta do 24/04/18, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo, o concelleiro de Deportes e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O Concelleiro delegado da área de deportes resolveu en data 23/03/18 que se iniciase o expediente necesario para a redacción da proposta de subvención e convenio de colaboración co clube Flic Flac, para a organización do Campionato de España de Ximnasia Acrobática 2018.

O evento terá lugar entre o 14 e o 17 de Xuño de 2018, no Pavillón de Travesas.

O evento, organizado polo Clube Flic Flac, entidade que posúe os dereitos da competición, contando con gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais.

D. Jorge Mendez Lamas presidente da entidade Clube Flic Flac, que conta cos dereitos da Competición obxecto da proposta de subvención manifesta que a súa sociedade ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da devandita actividade, extremo que acredita mediante a presentación do otorgamento da realización do evento deportivo pola federación española.

O carácter deportivo atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.l e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.



Concello de Vigo

Os gastos derivados da organización e desenvolvemento do Campionato de España de Ximnasia Acrobática 2018, segundo o presuposto presentado polo Clube Flic Flac, ascenden a un total de 22.200,00 euros. O Clube Flic Flac está en condicións de organizar a presente edición, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos do texto do convenio.

Que o réxime xurídico de aplicación do presente convenio atenderá ao previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións con relación á partida 3410.489.00.01 dispón do crédito necesario que dea cobertura á concesión dunha subvención directa por importe de 3.000,00 (tres mil euros), para o "Campionato de España de Ximnasia Acrobática 2018"; xa que concorren razóns de interese público e social, así como de exclusividade que non permiten a convocatoria dunha concorrencia pública, dado que o Clube Flic Flac de Vigo, CIF G-36931582 ostenta os dereitos competición obxecto da subvención, tal como acredita na documentación que presenta a entidade.

Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional e internacional e que conta cunha ampla promoción da actividade deportiva, tendo en conta ademais que a entidade ostenta os dereitos de exclusividade da competición na cidade de Vigo tal como acredita na documentación da solicitude. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

Este convenio está suxeito ao cumprimento pola mesma dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social expostas nas obrigas pactadas en convenio. O Concello non asume máis obrigas respecto a esta actividade. O Clube Flic Flac asume a organización das actividades e todas as xestións necesarias para a contratación dos participantes nas mesmas, entre eles os seguros que cubran a responsabilidade civil fronte a terceiros e seguros de accidentes dos participantes, comprometéndose a presentar as devanditas pólizas antes do inicio do evento.

Pola súa banda, a entidade encargárase da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 22.200,00 euros, sendo que as partidas subvencionadas polo Concello as que se detallan no anexo II deste convenio por importe de 3.000,00 €, o que supón un porcentaxe do 13,51 % do total do gasto previsto.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

Que en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada

momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Que o Clube Flic Flac non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 17121/333.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado;

Que, de conformidade co artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, o Alcalde de Vigo está facultado para asinar o citado convenio.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do Concelleiro de deportes e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

1º.- Que se aprrobe o texto do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e o Clube Flic Flac, CIF G-36931582, para a organización do “ Campionato de España de Ximnasia Acrobática Vigo 2018”, que terá lugar os vindeiros 14,15,16 e 17 de Xuño de 2018

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 3.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor do Clube Flic Flac, CIF G-36931582, con cargo á aplicación presupostaria 3410.489.00.01 correspondente a “Subvencións eventos deportivos” do seu vixente orzamento.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO O CLUBE FLIC-FLAC PARA A ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO DE ESPAÑA XIMNASIA ACROBÁTICA – VIGO 2018 (Expte. 17121/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a _____ de dous mil dezaioito.

REUNIDOS



Concello de Vigo

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde da cidade de Vigo.

Doutra, D. Jorge Mendez Lamas Dni. 36128218-W, como presidente do Club Flic Flac, CIF G-36931582 e enderezo social na Rúa Xulián Estevez 28 3ºb de Vigo, na representación do mesmo, segundo resulta nos datos do clube que figuran na documentación do expediente nº 17121/333.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

MANIFESTAN

I.- Que o Club Flic Flac, CIF G- 36931582 é unha asociación privada con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, que ten por obxecto primordial, o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas, sendo a súa práctica principal a ximnasia acrobática, e que ten os dereitos de representación en exclusiva e explotación directa do Campionato de España de Ximnasia Acrobática.

Esta entidade, plantexa un importante proxecto deportivo do cal ten todos os dereitos, que converterá á cidade de Vigo no centro de atención nacional da Ximnasia Acrobática.

II.- Que os vindeiros días 15,16 e 17 de Xuño de 2018, a entidade organiza o Campionato de España de Ximnasia Acrobática, que lle outorga un valor moi importante para a promoción deportiva e turística tanto na propia cidade de Vigo como a nivel nacional, e que lle confire un valor único e de carácter excepcional, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

O programa da competición incluírá as modalidades de parexa feminina, masculina, mixta, trios femininos e cuartetos masculinos en categoría, alevín, infantil, cadete, junior e senior, tanto en base como nivel élite, cunha participación prevista de entre 400 e 500 deportistas e 1500 persoas de público. Esta enorme volume de participantes, que acceden á competición a través de fases previas, motiva a atención dun elevadísimo volume de siareiros en todo o mundo, xa que participarán deportistas de Asturias, Madrid, Canarias, Andalucía, Valencia, Extremadura e Galicia .., o que supón un espectáculo deportivo de enorme nivel competitivo e espectacularidade, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cos axentes dinamizadores na ordenación do sistema deportivo vigués.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de competición.
- Conseguir que o colectivo da cidadanía de Vigo, conte cun proxecto deportivo no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun mapa de actividade deportiva no entorno asociativo da cidade.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, os intervinetes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é colaborar co financiamento dos gastos

ocasionados polo desenvolvemento do programa de actividades vinculado coa celebración do Campionato de España de Ximnasia Acrobática, o cal xustifica que para o desenvolvemento deste expediente, non resulta posible nin recomendable promover a concorrencia pola especificidade e exclusividade no obxecto das actuacións a subvencionar, e por dispoñer a entidade organizadora das autorizacións necesarias, o cal xustifica a súa concesión directa.

VI.- Que a sociedade Club Flic Flac, CIF G- 36931582 non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no presente expediente.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade organizada pola sociedade Club Flic Flac, CIF G-36931582, o Concello de Vigo e a dita entidade, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A sociedade Club Flic Flac comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, conforme ao programa da competición, e concretamente a:

1º.- Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, recollidos no programa da competición.

3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto; dotar de material necesario co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

6º.- Publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos deberán figurar o logotipo do Concello de Vigo, como patrocinador do programa.

7º.- Aboar as taxas, impostos e todos os demais gastos derivados da realización das actividades, incluíndo a xestión e aboamento da cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación.

8º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento; a entidade entregará ao Concello copia da póliza antes do inicio das actividades.



Concello de Vigo

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Conceder directamente a Club Flic Flac unha subvención polo importe de 3.000,00 €, en concepto de subvención directa en base ó convenio para o desenvolvemento do proxecto Campionato de España de Ximnasia Acrobática. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.01 do vixente orzamento. Para o procedemento de xustificación e pago do importe da subvención, atenderase ó establecido no pacto sétimo do presente convenio.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe (Concello de Vigo) nos ámbitos de promoción da competición obxecto do convenio (revista, web, etc).

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio.

Sétimo.- A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos no prazo comprendido entre a sinatura do convenio e os tres meses posteriores á finalización do programa. A xustificación deberá facerse, tal como establece o artigo 14.2 a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, con facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a

presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo foi de euros.

A entidade deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Concello de Vigo, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase por transferencia bancaria, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas. Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



Concello de Vigo

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e os tres meses posteriores á finalización do programa.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; e

o recollido na base 38 das de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E. en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de _____ de _____.

4(639).- PROPOSTA PARA APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 29/2018. EXPTE. 54/142.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/06/18, dáse conta da proposta de data 5/06/18, asinada polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Expediente: 54/142

Solicitud de Fomento e Parques e xardíns

Modificación orzamentaria: num. (29/2018)

Destino: Investimentos Financeiramente sostibles, artigo artigo 32 e DA Sexta da LOEOeSF.

Financiamento: Superávit orzamentario SEC2010, Liquidación ano 2017.

Cualificación da Modificación orzamentaria: Crédito Extraordinario

Importe total: 19.000.000,00 euros

Aplicación Superávit en IFS: humanización rúas, parques e xardíns, Educación e Equipamentos culturais/ Patrimonio.

Informes: Informe memoria dos xefes dos servizos relacionados.

Importe: 15.000.000,00 euros

Con RLTGG: para aplicación ao financiamento da Liquidación do contrato Pazo de Congresos.

Importe: 4.000.000,00 de euros. Solicitud de Patrimonio, informe adxunto

Órgano competente: Pleno da Corporación, previo acordo Xunta Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda.

Antecedentes

A Disposición Adicional décimo sexta introducida pola Disposición Final primeira do R.D.-lei 2/2014, de 21 de febreiro ao Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRHL), ven a delimitar os requisitos que deben ter os Investimentos financeiramente sustentables.

O artigo 1 do Real Decreto lei 1/2018, de 23 de marzo, prorroga para 2019 o destino do superávit das corporacións locais para investimentos financeiramente sostibles



Concello de Vigo

correspondente á Liquidación do ano 2017 e a aplicación das regras contidas na disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012.

O artigo 2 do devandito corpo legal, introduce modificacións ao apartado 1 e 2 da DA décimo sexta do TRLRFL, modificando o ámbito obxectivo de estas e ampliando a contía e requirimentos daqueles IFS que supoñan incrementos nos capítulos 1 ou 2 do estado de gastos.

Expediente que se tramita

En execución da Resolución do Sr. Alcalde-Presidente da data que se reflicte na sinatura electrónica, instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº (29/2018), que está conformado da seguinte documentación:

Memoria económica xustificativa das Áreas que de seguido se relacionan, na que se xustifica a avaliación económica e impacto dos investimentos, aforros ou gastos asociados aos investimentos. As Áreas xestoras impulsoras dos expedientes son as seguintes:

Fomento para os IFS das humanizacións e eficiencia enerxética que afecta a 8 proxectos.

Parques e xardíns, que afecta a 3 proxectos.

Educación, que afecta a 2 proxectos.

Equipamento cultural/Patrimonio, que afecta a un proxecto

En todos eles se conclúe que os investimentos son sustentables financeiramente e por tanto non poñen en perigo a estabilidade orzamentaria nin a curto nin a longo prazo.

A documentación que se achega é a seguinte:

Relación de Proxectos e Investimentos que son obxecto da modificación orzamentaria.

Informe de necesidades e xustificación dos investimentos.

Acreditación de que os investimentos financiados co superávit SEC-2010, teñen unha vida útil superior a cinco anos.

Informe no que se cuantifican os aforros e custes adicionais no capítulo 2 do estado de gastos que supoñen os novos investimentos.

Resolución de incoación do expediente da data indicada na mesma.

Análise da proxección da Liquidación do Orzamento dos anos 2018-2021 na que se avalía o cumprimento do obxectivo de Estabilidade orzamentaria e da Regra de gasto, engadindo no devandito análise os custes de mantemento dos novos investimentos.

Acreditación do superávit SEC-2010 da Liquidación do ano 2017.

Acreditación de que non hai endebedamento financeiro.

Acreditación da Existencia dun Remanente Líquido de Tesourería positivo suficiente para facer fronte ao financiamento da modificación orzamentaria.

Acreditación dun PMP por debaixo dos prazos legalmente establecidos.

Acreditación de que non hai débedas con TGSS, AEAT e ATRIGA.

En canto ao cumprimento dos requisitos para a utilización do superávit avaliado en termos do SEC-2010 correspondente a Liquidación consolidada do ano 2017, así como os destinos do mesmo, estarase ao informe que emita o Sr. Interventor Xeral en exercicio das súas funcións.

Para a aplicación do superávit, o Concello de Vigo ten que cumprir todos e cada un dos requisitos esixidos pola modificación que incorporou a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, á DA sexta da Lei Orgánica 2/2012: que a Conta 413 do PGCP adaptado a entidade local, non teña contías pendentes de aplicar ao orzamento, así como non ter préstamos concertados para facer fronte ao financiamento de pago a provedores FFPP ou outros fondos, en todo caso dando cumprimento ao previsto no apartado 1.a) e b) da DA da precitada Lei Orgánica 2/2012. Nese caso, o destino do superávit, sempre dando cumprimento ao obxectivo de estabilidade orzamentaria previsto para a Liquidación do Orzamento do ano 2018, pódese destinar a facer fronte a novos investimentos financeiramente sustentables, dos que se reflicten nos grupos de programas que se relacionan no artigo 2 do Real Decreto-lei 1/2018 que modifica os apartados 1 e 2 da disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

De acordo ás memorias xustificativas que figuran no expediente, estes empregos, non van a por en perigo a estabilidade orzamentaria nin a sustentabilidade financeira nin a curto nin a longo prazo.

Dáse cumprimento a todos os requisitos esixidos pola DA décimo sexta do TRLRFL, coa modificación incorporada polo RD-I 1/2018, tanto en relación co endebedamento, Remanente de Tesourería, Período medio de pago, Estabilidade orzamentaria e Regra de gasto. Así mesmo, coa execución dos proxectos financiados co superávit, tamén se dá cumprimento ao obxectivo de Estabilidade Orzamentaria na Liquidación prevista do ano 2018 e seguintes tal e como se fai constar no documento de proxección de ingresos e gastos para o período 2018-2021.

Cumprimento dos requisitos

- Non hai endebedamento financeiro, pechándose o ano 2017 con débeda financeira CERO, non estando previsto no ano 2018 a concertación de ningunha operación.
- A Liquidación do orzamento do ano 2017, pechouse cun Remanente de Tesourería positivo da Entidade de 91.061.195,67 euros e consolidado de 94.344.408,64 euros, polo que a contía é moi superior ao Superávit.
- Achégase o estado de Remanente de Tesourería así como o seguimento do Remanente de Tesourería para gastos xerais dispoñible.
- O Aforro neto Consolidado foi de 39.040.198,68 euros.
- A Conta 413, ten unha anotación que non pode facerse aplicación por tratarse dunha diferenza de criterio na facturación da prestadora dos servizos de mantemento de xardíns por unha contía de 107.084,10 euros. É un crédito continxente non un gasto



Concello de Vigo

pendente de aplicar ao orzamento, polo que non pode ser obxecto de aplicación do superávit.

- Superávit da Entidade: 12.239.696,25 euros. Consolidado: 16.190.364,31 euros.
- Cumprimento da Regra de gasto: 319.163,79 euros.
- Período de pago a provedores 2017, acumulado: Entidade: -12,98 días, XMU: -16,69 días.
- Período de pago a provedores 2018:

Mes	RD 635/2014		RD 1040/2017	
	Entidade	XMU	Entidade	XMU
Xaneiro	-15,16	-10,57		
Febreiro	-13,27	-23,49		
Marzo	-14,05	-10,37		
Abril			11,39	10,76

- Estar ao corrente nas obrigas coa Tesourería da SS, AEAT e ATRIGA: Si, certificados de 07/02/2018 e 03/05/2018 respectivamente.
- Gasto non financeiro correspondente ao orzamento consolidado do ano 2018: 255.871.696,14 euros.
- Gasto non financeiro correspondente á liquidación consolidada do ano 2017: 234.100.552,32 euros.
- 40% do gasto non financeiro que reflicte o artigo 2.1 do RD-I 1/2018: Liquidación 2017, 93.640.220,93 euros. Orzamento 2018, 102.348.678,5 euros.
- O gasto proposto ten a súa aplicación ao capítulo 6 do estado de gastos.
- A vida útil dos investimentos é maior que 5 anos, cumprimento que se fai constar no informe económico.
- Achégase para cada caso a estimación dos aforros que se producen cos investimentos e nos casos que se trata dun investimento xerador de gasto no capítulo 1 ou 2, está cuantificado.
- Nas proxeccións orzamentarias para avaliar o cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e da Regra de Gasto, estase a ter en conta os efectos dos investimentos financiados co superávit SEC.
- A contía dos investimentos que se relacionan, está dentro do importe do superávit dos estados Consolidados que ascendeu a 16.190.364,31 euros.
- O outro dos límite é o de IFS > de 15 millóns. Os IFS que conforman este expediente non superan os 15 millóns de euros, nin representa máis do 40% do gasto financeiro,

polo que, aínda que algún dos investimento ten repercusión no capítulo 2 do estado de gasto, non require autorización do Ministerio de Facenda.

En consecuencia, dáse cumprimento a todos os requirimentos legais.

En relación co anterior, achégase ao expediente avaliación da proxección dos gastos e ingresos ao peche do ano 2018, que permite a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade e da regra de gasto para o período 2018-2021, dando cumprimento ao previsto no apartado 6 da DA décimo sexta do TRLRFL.

Así mesmo, incorpórase a este expediente, a tramitación dun crédito extraordinario financiado con RLTGG para facer fronte no seu momento á liquidación por resolución do contrato do Pazo de Congressos, conformando esta dotación unha parte da Liquidación.

A vista da documentación, para que prosiga a tramitación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no artigo 123.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, **formulase ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte acordo:**

Proposta

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 29/2018, Crédito Extraordinario, correspondente ao expediente 54/142 por unha contía de 19.000.000,00 euros, para facer fronte aos empregos que mais abaixo se relacionan.

A xustificación da súa tramitación está motivada na memoria xustificativa dos servizos xestores, no Decreto do Sr. Alcalde-Presidente da data da sinatura electrónica que figura na Resolución e na proxección orzamentaria que garante o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de regra de gasto.

A modificación orzamentaria financiarase cos seguintes recursos financeiros:

1.- Con cargo ao superávit SEC-2010, co límite do Remanente Líquido de Tesourería, cuxo informe de seguimento figura no expediente, por unha contía de 15.000.000,00 de euros.

2.- Con cargo ao RLTGG dispoñible por unha contía de 4.000.000,00 de euros.

As orixes e aplicación de fondos (recursos e empregos) que conforman a modificación orzamentaria son os seguintes:

- Empregos do superávit SEC da Liquidación do Orzamento do ano 2017.

Xestor	Programa	P. econ.	Proxecto	IFS de aplicación	Importe
Fomento	1532	6190070	18153270	H. G. Barbón entre S. Avendaño e R. Castor, marxen impar	512.138,13
